- Asistencia a algunha exposición ou conferencia en relación ós contidos da materia que poideran xurdir ó longo do curso.
- Visita a algunha instalación deportiva, centro deportivo D10, Be ONE ,etc..(1º, 2º, 3º e 4º cursos).
- Visita ao instituto dalgunha persoa/institución especialista en temas relacionados coa materia para impartir algunha sesión.
- Semana branca. (3º e 4º cursos) (Excursión de Fin de Etapa en Andorra).
- Patinaxe (pista de xeo provisional instalada no Coliseum en A Coruña).
- Intercambio co CPI de Láncara (previo á Semana Branca e ao longo do curso).

- Intercambio-competición de tenis de mesa con institutos da zona (Fonsagrada, Becerreá).
- Escalada de rocha na zona da Fontaneira.
- Visita ao Urban Planet de Oleiros.
- Actividade de multiaventura no Ecoparque de Marín ou no ROQ park de Viveiro.
- Participar no campionato escolar de Orientación en Lugo.

DEPARTAMENTO DE DEBUXO

- Sempre que o horario o permita, poderán propoñerse obradoiros de pintura, debuxo, murais, escultura, fotografía ou gravado.
- Poderanse organizar concursos, como por exemplo de cómics, de tratamento de cabazas do Samaín, de máscaras de Entroido, de postais de Nadal, etc.
- As obras creadas nestes obradoiros e concursos poderanse expoñer no centro e na páxina web do mesmo.
- Tamén se poderán facer participacións na revista do centro.
- Poden xurdir visitas a museos de arte, participacións en concursos a nivel provincial, autonómico e nacional, exposicións ou obradoiros fóra da zona, etc.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Viaxe a Lugo para visitar centros educativos que ofrezan ensinanzas de bacharelato e formación profesional co alumnado de 4º de ESO (sobre febreiro).
- Charla do centro Quérote máis (febreiro ou marzo).
- Charla sobre Saídas Laborais e Charla sobre Educación Emocional, ambas impartidas polo GDR.
- Plan Director (ó longo do curso).
- Charla por parte das forzas armadas sobre o acceso ó exército para alumnado de 4º de ESO. (Ó longo do curso).
- Colaboración nas distintas conmemoracións (cada conmemoración realizarase no propio día ou día lectivo máis próximo posible).
- Participación no Programa A Ponte

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

As actividades irán recollidas no Proxecto de Dinamización Lingüística

EQUIPO DE BIBLIOTECA

As actividades están recollidas nas liñas de actuación para o curso 2023/24 (PLAMBE).

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

CENTRO EDUCATIVO

No período de lecer despois do xantar e antes da saída do transporte o alumnado pode facer uso da biblioteca escolar os luns, martes, mércores e venres.

CONCELLO

O Concello de Castroverde organiza o programa de Madrugadores antes de comezar as clases.

Unha vez que sae o transporte escolar o Concello tamén organiza o programa de Tardes no Cole ata ás 18:30 horas de luns a xoves.

ANPA

A Anpa organiza diversas actividades que teñen lugar desde á saída das clases. Parte delas comezan no período de lecer despois do comedor escolar e outras teñen lugar desde que rematou a actividade escolar.

- Xadrez
- Baile tradicional
- Baile moderno
- Patinaxe

ASOCIACIÓN DEPORTIVA CASTROVERDE

Organiza actividades de fútbol no pavillón polideportivo A Ferreiría despois da saída do transporte escolar ou noutros momentos da tarde fóra da actividade escolar.

14. ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

A) Transporte escolar:

NÚMERO DE ALUMNADO TRANSPORTADO: 150

RUTAS:

- ED270608. Córneas- San Miguel
- ED270611 Pumarega- San Julián
- ED270613 Pereiroá Darriba- Cal
- ED270614. Murias- Cádavo
- ED270616 San Pedro do Río- A Lastra
- ED270617. Vilardós- Cádavo
- XG634004 Albardeiro- Fonte dos Poios
- XG634006 Cobelas 1- Agustín

ED270605. Pena1- Bolaño

ED270606 Meda- Souto de Torres (Dársena)

ED270607. Pousada- Vilalle

XG corresponde con transporte integrado

B) Comedor escolar:

Datos xerais

Tipo de comedor (A,B,C,D,E..)	C
Tipo de xestión (Xestión propia, catering, etc.)	Xestión directa
O centro conta con Protocolo de comedor escolar	Si
Alumnos/as que fan uso do servizo	185
Número máximo de comensais autorizados	251
Alumnado que fai uso do servizo de comedor de balde	123
Alumnado que fai uso do servizo de comedor (pago 1€)	13
Alumnado que fai uso do servizo de comedor (pago 2,5€)	16
Alumnado que fai uso do servizo de comedor (pago 4,5€)	33

Persoal que intervéñ no servizo

Encargada:	María Isabel Trashorras Ferreiro
Delagada:	María Jesús Pérez Fernández
Persoal laboral:	

Cociñeira:	Amparo Pereira Labrada
Axudante:	Filomena López López
Axudante:	Elia Álvarez Rozas

Persoal colaborador:

Álvarez Sánchez, Manuel
Arias González, Manuela
Caballero Jiménez, Delia
De La Torre Tella, Natalia
Carballo Coello, Rebeca
Díaz Vidueira, Mónica
Ferreiro López, María Teresa
Folgueira Muiña, Sandra
Nogueira González, Susana
López Fole, Teresa
López Veiga, Manuela
Nogueira González, Susana
Penela Vázquez, Silvia
Penelo Díaz, Natalia
Pérez Ramos, Lesly Marleny
Peteira Freire, Laura
Rodríguez Buján, Maite
Rodríguez Fariñas, Silvia
Vila Abuín, Lorena

15. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

A avaliación do centro, que se reflectirá na Memoria Final de curso, pretende determinar o nivel de calidade das actividades educativas postas en marcha así como os resultados que das mesmas se derivan. A calidade implicará que os recursos dispoñibles, os procesos seguidos e os efectos alcanzados, oferten unha resposta coherente co establecido na presente PXA.

Ao longo do curso farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e actividades establecidas na PXA e proceder, se é preciso, á súa modificación. A Comisión de Coordinación Pedagóxica e/ou o Claustro realizarán as propostas para os reajustes necesarios.

16. PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS E PLANS

PROGRAMAS EDUCATIVOS. Explicación dos mesmos

• CP-INCLÚE

CPInclúe constitúe un instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, e en consonancia cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030, concretamente cos obxectivos 4 (Educación de calidade) e 5 (Igualdade de xénero), poidan desenvolver un plan de mellora no que poidan, en función das necesidades detectadas e do seu proxecto educativo, acadar o éxito educativo a través da implementación de programas que promovan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a inclusión, a redución das taxas de abandono escolar temperán, o desenvolvemento da competencia emocional e, en xeral, a mellora do clima escolar de toda a comunidade educativa.

O CPI de Castroverde participa nas seguintes modalidades:

- Quéda_T (Prevención do abandono temperán e do absentismo escolar):

Co fin de continuar cos esforzos para a prevención e redución do abandono temperán e do absentismo escolar, implementaranse medidas específicas de calquera índole (pedagóxicas, organizativas...) que contribúan ao avance de todo o alumnado, especialmente daquel en situación de vulnerabilidade.

- Iguála_T:

Desenvolveranse accións que interveñan no fomento da coeducación, isto é, a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes; a prevención, a detección e o tratamento das violencias machistas; e a promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual e de xénero.

- Convive_T:

Desenvolveranse medidas que favorezan o clima escolar e as relacións entre os membros da comunidade educativa, actuacións preventivas de condutas violentas ou discriminatorias, actuacións de acollida nos centros educativos, a conciliación ou mediación escolar, a xestión de conflitos e outras accións similares.

- Emóciona-T:

Desenvolveranse accións para a mellora da competencia socioemocional de toda a comunidade educativa, que redunde no benestar emocional persoal e social e na súa calidade de vida, así como o desenvolvemento de estratexias que favorezan o aumento da autoestima, a empatía e a resiliencia, a mellora das habilidades comunicativas, o incremento do autocontrol emocional, a superación, a identificación das emocións dos demais e o coñecemento das propias, así como as recollidas no Plan de Benestar Emocional.

- Inclúe_T:

Conxunto de medidas que fomenten e melloren a inclusión nos centros educativos, dirixidas á atención á diversidade, á inclusión educativa e social de todo o alumnado, á mellora das necesidades educativas do alumnado de altas capacidades, ao respecto aos diferentes ritmos de aprendizaxe, á identificación e promoción dos talentos do alumnado, á colaboración con asociacións que traballan na diversidade funcional, ao fomento de recreos igualitarios e inclusivos, ao desenvolvemento de dinámicas de traballo cooperativo, á

creación de escolas de nais e pais, e outras medidas semellantes vencelladas á diversidade que pon de manifesto a pluralidade do alumnado.

• CP-INNOVA

1. INNOVA: esta modalidade incorporará metodoloxías activas que sitúen ao alumnado como protagonista da súa aprendizaxe, favorecendo o desenvolvemento máximo das súas capacidades, e que fomenten o traballo interdisciplinar e en equipo.

Esta modalidade incorporará aquelas innovacións metodolóxicas que incidan na adquisición de polo menos unha das seguintes competencias clave:

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).

b) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).

c) Competencia dixital (CD).

Esta modalidade será desenvolvida polo profesorado do centro dentro no horario lectivo de cadansúa área, materia, ámbito ou módulo profesional.

2. EXCELENCIA: Con esta modalidade trátase de dar resposta aos intereses comúns de aprendizaxe dun determinado número de alumnado. Supón unha personalización da aprendizaxe na que se desenvolverán iniciativas de afondamento nos coñecementos do alumnado partindo dos seus intereses e potenciais talentos. Ao longo do curso traballarase de forma cooperativa nun proxecto co fin de obter un produto final.

Esta modalidade poderase desenvolver dentro ou fóra do horario lectivo.

3. HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES: Conxunto de actividades, medidas organizativas e/ou metodolóxicas deseñadas para o fomento dos hábitos de vida saudables do alumnado durante o horario lectivo.

Con esta modalidade preténdese, por unha banda, que o alumnado adquira hábitos alimenticios saudables e, por outra, que incremente a actividade física efectiva desenvolvida ao longo do día, dentro do horario lectivo. Todo elo, máis alá das áreas, materias ou módulos específicos.

4. OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE (ODS): Conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas ou de actividades deseñadas para que os centros educativos evolucionen cara a un funcionamento ambientalmente responsable, e desenvolvan unha educación práctica para o desenvolvemento sostible, que impulse a concienciación e a adquisición de hábitos no alumnado, encamiñados a construír unha sociedade futura próspera, sostible ambientalmente e involucrada contra o cambio climático. Esta modalidade poderase desenvolver dentro ou fóra do horario lectivo.

• PLAN PROXECTA: Mestres Gandeiros

O programa está centrado en transmitir o coñecemento e as boas prácticas que a poboación rural está levando a cabo, como xestores da natureza e da paisaxe, mediante o emprego de técnicas de xogo, de Sistemas de Información Xeográfica, do coñecemento das persoas e do contacto co territorio.

Os obxectivos son os seguintes:

- Vincular á poboación local na educación, en colaboración co profesorado.
- Fomentar a comprensión do alumnado do rol do agricultor e do gandeiro a través das boas prácticas que estes están levando a cabo como xestores da infraestrutura verde na paisaxe.
- Fomentar a innovación educativa e promover hábitos e destrezas no alumnado para

desenvolver ideas creativas e innovadoras a través da reflexión crítica, do traballo colaborativo, do xogo, do contacto coa natureza e da comunicación coa poboación local que actúa como xestora do territorio.

- Comprender, valorar e integrar as boas prácticas agrarias que están a levar a cabo os seus pais e nais, veciñ@s e agricultor@s no mantemento da biodiversidade, da infraestrutura verde e da paisaxe.
- Adquirir e mellorar a capacidade de análise espacial e territorial do seu entorno mediante o emprego de ferramentas dixitais espaciais que permitan representar o espazo: cartografía, sistemas de información xeográfica, imaxes de satélite, fotografía aérea, audiovisual,
- Apreciar o traballo da poboación local, a súa función na sociedade e a importancia do consumo responsable.
- Recoñecer e valorar na súa contorna os valores da biodiversidade, a conectividade, a multifuncionalidade, o servizos ecosistémicos sociais, de regulación e de provisión de bens e alimentos.

• POLOS CREATIVOS

- Os Polos Creativos terán un deseño modular e innovador, estarán dotados de equipación especializada, ocuparán espazos físicos definidos nos centros educativos, organizaranse didacticamente para fomentar a creatividade a través da superación de retos, a consecución de proxectos, a resolución de problemas, a realización de prototipos, a construción de resultados tanxibles, etc.
- Enfocaranse á aprendizaxe conxunta, colaborativa e comunitaria. Tamén poderá albergar prácticas de investigación e experimentación. Terán unha visión ampla e integral do coñecemento e dos retos tecnolóxicos e dixitais en todos os campos do saber (humanidades, arte, ciencias sociais e naturais, artesanía, etc).
- Funcionarán como centro de actividades no que se traballe a intelixencia artificial e outras tecnoloxías intensivas, o procesado audiovisual e artístico, a realidade virtual e a impresión 3D, as tecnoloxías de control computerizado e fabricación aditiva, o mecanizado de diferentes materiais, a electromecánica, a robótica e os microcontroladores, entre outras.
- Serán, por tanto, espazos abertos ás comunidades locais para favorecer o desenvolvemento de competencias dixitais e científico-tecnolóxicas e artísticas do conxunto da cidadanía, polo que ofertarán actividades formativas para os diversos colectivos. En concreto, facilitará a solución conxunta de problemas coa participación de alumnado, profesorado e familias, e fomentará especialmente aquelas accións que impliquen a participación de nais e pais xunto cos seus fillos e fillas en actividades tanto de formación como de creación.

• PFPP

Realizaranse catro seminarios permanentes:

- Metodoloxía e posibilidades de traballo nun Polo creativo. Deseño e construción de prototipos, coordinado por Isabel Pérez García.
- Marco normativo e prácticas inclusivas no CPI Plurilingüe de Castroverde (atención á diversidade), coordinado por Alicia Rivas Braña.
- Metodoloxías e proxectos inclusivos, coordinado por María Jesús Pérez Fernández.
- A bibioteca como centro de recursos e aprendizaxe inclusiva, coordinado por Ana María Pérez Veiga.

Tamén funcionará a **Escola de Nais e Pais**. Organízase formación sobre:

- Cerebro Dixital.
- Acoso escolar.
- Educación afectivo-sexual.
- Técnicas de estudo.
- Familia e adolescencia.

- **PROA+:**

Programa para a Orientación, Avance e Enriquecemento Educativo 2021-2024 cofinanciado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia.

- **PLAMBE:**

Plan de mellora de bibliotecas escolares

- **CLUB DE LECTURA:**

Para fomentar hábitos de lectura entre os participantes e contribuír á creación dun ambiente proclive á experiencia lectora entre os distintos sectores da comunidade educativa.

- **BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS:**

- Voluntariado de lectura en educación primaria (Apadriñamento lector).
- Voluntariado na biblioteca escolar en secundaria.

- **PROGRAMA LECTURA E FAMILIAS:**

Búscase estimular o deseño e desenvolvemento de iniciativas que favorezan a participación das familias en actividades da biblioteca escolar, destinadas ao conxunto da comunidade educativa ou especificamente pensadas para a formación e a participación destas familias en experiencias de lectura e, tamén, de traballo coa información e medios de comunicación, coa finalidade de que poidan, á súa vez, intervir con mellores recursos e eficacia na formación dos seus fillos e fillas como persoas lectoras e usuarias de información

- **PROGRAMA OBSERVA_ACCIÓN** (Desenvolvemento competencial desde a observación e o intercambio entre iguais)

O programa Observa_Acción ten como finalidade fomentar o desenvolvemento profesional nas Competencias Profesionais Docentes para a cooperación e colaboración, a construción conxunta de coñecemento e o liderado e xestión de centros a través do intercambio de boas prácticas e a observación entre iguais.

- **E-DIXGAL:**

Implantado nas aulas de 5º e 6º de Educación Primaria e de 1º a 4º de Educación Secundaria Obligatoria.

O proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) ten como obxecto favorecer o desenvolvemento de proxectos integrais de educación dixital, facilitando a dispoñibilidade de libros dixitais e doutros materiais dixitais cos que desenvolver o proxecto curricular.

- **CLUB DE CIENCIA**

Escenario propicio para desenvolver estratexias metodolóxicas que promovan capacidades, coñecementos e técnicas, a través dunha invitación ao descubrimento, que aumenten o interese dos participantes por saber, cada vez máis, sobre diversos campos da Ciencia e as súas

posibilidades de aplicación na Tecnoloxía. Fundaméntanse nunha metodoloxía baseada na indagación e a aprendizaxe colaborativa, na que o alumnado adquire coñecemento mediante un método activo, propoñen as súas propias cuestións e resolven problemas. Os docentes suxiren indirectamente diferentes medidas para que eles poidan aprender a organizar actividades arredor das súas propostas.

- **PLURILINGÜISMO E AUXILIAR DE CONVERSA**

Impártense en inglés as materias de educación plástica, visual e audiovisual, educación artística, e música en todos os cursos de educación secundaria.

Posibilitar la práctica de la conversación oral, proporcionar un modelo de corrección lingüística y acercar el alumnado y profesorado a la cultura de su país.

17. PLAN ANUAL DE LECTURA (Decreto 105/2014, artº 18):

PLAN ANUAL DE LECTURA CURSO 2023 / 2024

1. Introducción

Promover o acceso á cultura é un dereito da cidadanía recollido na Constitución española. Na presente sociedade da información, o libro (en calquera formato) e a lectura, seguen a ser o alicerce básico no que se asenta a cultura. A lectura é fundamental para a aprendizaxe, o desenvolvemento autónomo, para conformarse como cidadanía activa na sociedade, e constitúe unha fonte de pracer e esparexemento nos tempos de lecer.

O plan de lectura guiará, durante o curso 2023/2024, as actuacións dirixidas a fomentar a lectura na nosa comunidade educativa de Castroverde. A biblioteca será a columna vertebral, que orientará e fomentará as actividades interdisciplinarias e coordinará a actuación do profesorado no seu conxunto.

O plan anual de lectura é o documento no que se concretan a curto prazo, os obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector do centro para o curso 2023/2024. Este plan está incluído na Programación Xeral Anual do CPIP de Castroverde, e recolle todas as actividades destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades requiridas para o manexo da información, contribuíndo ao desenvolvemento das competencias clave, especialmente a competencia en comunicación lingüística, a dixital, a de expresión cultural e a de aprender a aprender.

O Plan Anual de Lectura é, xa que logo, o último nivel de concreción dentro da documentación xeral do centro no referente ao fomento da lectura. Cada departamento recollerá tamén nas súas programacións as súas achegas a este plan.

2. Obxectivos:

- Potenciar o uso da biblioteca como centro cultural, de recursos e dinamizador da lectura
- Promover na comunidade educativa, a construción dunha sociedade lectora, axudando a compensar as desigualdades sociais de partida

- Fomentar a lectura en diversos soportes
- Apoiar a adquisición de todas as competencias clave do alumnado, especialmente a lingüística, a dixital, a de aprender a aprender e a conciencia e expresións culturais
- Contribuír á excelencia e a un mellor logro académico do alumnado
- Incentivar o gusto pola lectura no alumnado en xeral e no alumnado con necesidades educativas especiais en particular
- Promover as linguas, especialmente o castelán e o galego, pero tamén as linguas estranxeiras
- Mellorar a expresión tanto oral como escrita
- Educar no uso crítico da información
- Atraer ao alumnado masculino ao mundo da lectura, do que por razóns culturais, están máis afastados que o alumnado feminino
- Proporcionar ferramentas para a alfabetización múltiple do alumnado, na procura dunha cidadanía activa e autónoma, que asuma a formación permanente como parte do seu proxecto vital

3. Actividades:

Un dos principais obxectivos de todo docente é o de formar lectores e lectoras competentes, buscando e empregando estratexias para fomentar a lectura de múltiples maneiras.

Dende hai dous cursos académicos e grazas ao orzamento do Plambe e ao traballo da anterior coordinadora da biblioteca, o centro conta co espazo renovado da biblioteca, que empregaremos para todas as actividades posibles, e continuarase como cada curso cos faladoiros dialóxicos dende os distintos departamentos, apadriñamentos lectores entre infantil e primaria e o club de lectura en secundaria, algo que xa desenvolvemos fai tempo, ademais do voluntariado lector en ambas etapas. Dende o Club de lectura continuaremos coa colaboración con outros centros escolares e coa residencia de Castroverde.

Tamén realizaremos actuacións de animación á lectura dende a Biblioteca Creativa, deseñando materiais que ambienten e dean vida aos contacontos que se farán en datas sinaladas.

A biblioteca participará e apoiará nos proxectos CP Inclúe e CP Innova.

En xeral, tentaremos incluír e celebrar as datas establecidas no calendario escolar xunto coas propias do centro como a lectura de poemas nas rúas e Torre de Castroverde.

3.1. Actividades sistemáticas

Infantil e primaria

Como xa se estableceu no punto anterior, as lecturas na etapa de infantil e primaria realízanse ao longo das xornadas de múltiples formas.

Tal e como establece o currículo dedicarase un tempo de obrigado cumprimento á lectura onde o titor organiza os tempos en función das características do seu alumnado en concreto. Nas especialidades (inglés e música), a lectura trabállase de múltiples formas sen ter pautado un momento concreto. As lecturas están fixadas polo profesorado pero tamén contan cunha biblioteca de aula (en primaria) onde contarán con libros de lectura voluntaria.

Nestas etapas contan cun listado de libros moi amplo posto que se traballan moitas actividades a través deles, e nos últimos cursos a biblioteca ampliou considerablemente os seus fondos, con materiais atractivos e actuais, que fomentan o respecto pola diversidade. A meirande parte dos fondos están nos andeis da biblioteca, pero tamén contamos con seccións de aula e cos ipads nos que os últimos cursos de EP realizan vídeos de apadriñamentos para as redes sociais ou booktrailers.

Na etapa de infantil os libros divídense entre os de apadriñamentos e os que empregan na aula/mochilas viaxeiras. A temática é moi variada incluíndo o tratamento das emocións, o mundo animal, o corpo, humano, a atención á diversidade....

No centro, para consolidar hábitos de lectura, realizarán diferentes actividades como as seguintes:

- Actividades de lectura compartida: Apadriñamentos lectores con frecuencia mensual.
- A hora do conto, con frecuencia diaria.(contos, libros divulgativos, xornal, carteis, folletos, tarxetas, baralla, ...)
- Lectura libre, ao longo da xornada escolar, no recuncho da linguaxe.
- Lecturas libres para levar (unha cada quince días ou unha ao mes segundo o curso).
- Lectura en familia, coa colaboración do servizo de préstamo da biblioteca do centro, con periodicidade semanal, no segundo e terceiro trimestre
- Xogos como encrucillados, sopa de letras, barallas, memory, dominó, quebracabezas...
- Actividades que mesturan a lectura coa expresión musical ou corporal, como cancións en varios idiomas, lectura rítmica...
- Investigación na rede e nos periódicos locais
- Consulta de vocabulario no (portaldaspalabras.gal)
- Recitado de: trabalinguas, poesías, ditos (Orellapendella.gal)
- Busca de información para documentar os proxectos da aula
- Realización dun pequeno taboleiro de lectura positiva na aula
- Mochilas viaxeiras con libros de lectura tanto en infantil como en 1º e 2º de EP.
- Tempo de lectura de obrigado cumprimento tal como marca o currículo.
- Dramatizacións de contos, inventar ou cambiar os finais...
- Diálogos sobre as accións positivas ou negativas dos protagonistas das lecturas.
- Traballo sobre as emocións e sentimentos.
- Exposicións de traballos, lecturas, poemas...
- Teatro e / ou impro.
- Lecturas de poemas.
- Club de lectura.

Momentos de lectura dirixidos na aula de secundaria:

En todas as materias traballarase a competencia lingüística e a lectura, o vocabulario e as técnicas de comprensión lectora, tal como marca o currículo. O alumnado manexará, coa guía do profesorado, textos de todo tipo e en distintos soportes, xa sexan textos literarios ou científicos relacionados coas diferentes materias, gráficos, banda deseñada, etc. Así traballarán dende revistas, xornais ou blogs en inglés ou francés, textos de divulgación científica, documentos sobre artistas, obras e técnicas de creación, etc. En determinadas materias traballarase tamén outro tipo de lecturas como a lectura de gráficos, mapas e outros documentos, ou a análise literaria de cancións e estilos narrativos como o hiphop. En definitiva, dende cada departamento e materia abórdase a lectura como elemento imprescindible, traballando a lectura comprensiva e a ampliación do vocabulario específico das diferentes materias. A busca de información en internet tamén é unha poderosa ferramenta que require de habilidades lectoras, e este curso escolar como o curso pasado, poderemos traballala extensamente ao contar todo o alumnado de secundaria con portátiles persoais e conexión, o que permitirá desvincular este tipo de aprendizaxes da coordinación dos horarios de uso da aula de informática.

Para desenvolver a competencia lectora é imprescindible a práctica, así como adquirir o vocabulario e técnicas axeitadas. Por esta razón, e tal como marca o decreto 86/2015, dedicarase un tempo de lectura na práctica docente de todas as materias. En horario lectivo, estas lecturas estarán dirixidas e guiadas polo profesorado, xa que en experiencias de cursos anteriores, se deixamos tempo para a lectura libre na aula en secundaria, só le quen xa ten o hábito lector como forma de espaxamento persoal, habitualmente alumnado con familias lectoras. Así que estes momentos dedicarase a lecturas concretas en todas e cada unha das diferentes materias, e especialmente en Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega, nas que realizarán tamén lecturas en grupo de obras de teatro, contarase contos entre o alumnado, etc. En Lingua Galega, por exemplo, unha ou dúas sesións á semana comezan coa lectura dun conto ou poema, ao principio elixidos pola profesora, para paulatinamente ir deixando que sexa o propio alumnado quen escolla as lecturas. Nalgunhas materias, como historia por exemplo, os textos das tertulias polo Día da Paz, o Día da Muller e o Día Mundial da Concienciación sobre o Autismo lense na clase, mentres que noutras, como Lingua Castelá e Literatura e Inglés as lecturas fanse na casa e na clase.

Na aula de francés ademáis de outras lecturas de clase adaptadas ao nivel lerase o Principiño. Ademáis de textos e artigos científicos e os diferentes protocolos de práctica propios das materias de Bioloxía e Xeoloxía, recomendarase a lectura de:

- ¡Que se le van las vitaminas! Mitos y secretos que solo la ciencia puede resolver.
Deborah García Bello
- Animalium de Jenny Broom (1º ESO)
- La cadera de Eva de José Enrique Campillo Álvarez. (4ºESO)

A todo isto debemos engadir as actividades tales como o concurso de microrrelatos de terror do Samaín, a lectura de Poemas de Rosalía de Castro e a lectura de fragmentos da obra de Luisa Villalta (escritora, filóloga, profesora e violinista galega) para o faladoiro do Día das Letras Galegas, etc.

Lecturas obrigadas como tarefa extraescolar na ESO:

Sen prexuízo do fomento da lectura como actividade lúdica ou formativa, voluntaria e pracenteira, algúns departamentos de secundaria, especialmente os de linguas, establecen tamén, libros ou textos de lectura obrigatoria. As lecturas que serán obrigatorias serán as seguintes:

1º da ESO:

- **Inglés:**

- Un libro de lectura obrigada por trimestre, escollido pola profesora no primeiro e segundo trimestres, e polo alumnado no terceiro:

1º trimestre: Nurse Matilda de Christianna Brand.

2º trimestre: The boy with the Dark Secret de Elena Guash.

- Lingua castelá:

- Un libro por avaliación, marcado pola docente, que será adaptado no caso de alumnado con necesidades educativas especiais:

1º trimestre: La ratonera de Agatha Christie

2º trimestre: El asesinato de la profesora de lengua de Jordi Sierra i Fabra

3º trimestre: Invisible de Eloy Moreno

- Un libro ou dous escollidos polo alumno ou alumna, dunha longa lista de títulos. Cada libro que lean a maiores voluntariamente, e do que fagan unha breve exposición, subirá a nota da avaliación.
- Un texto para a realización dunha tertulia dialóxica de aula ao trimestre.
- Memorización de poesías dalgún autor ou autora no terceiro trimestre, que se recitarán na clase.

- Lingua Galega:

- Un libro de obrigada lectura por avaliación, xeralmente a escoller de entre dous ou tres:

Anxo Fariña, Os Megatoxos e o aprendiz de druída

Antía Yáñez, O misterio de Portomarín

Agustín Fernández Paz, Rapazas

Agustín Fernández Paz, Contos por palabras

Fran Alonso, Cidades ou StreetPoems

Berta Dávila, A pel do mundo

Manuel María, Os soños na gaiola

Marica Campo, E Xoel aprendeu a voar

María Reimóndez, Corredora

Andrea Maceiras, A folla azul

- O alumnado con problemas de aprendizaxe lerá textos máis curtos ou unha obra enteira a o longo do curso.

2º da ESO:

- Física:

Avances científicos del siglo XXI 2º ESO

- Inglés:

- Un libro de lectura obrigada por trimestre, escollido pola profesora no primeiro e segundo trimestres, e polo alumnado no terceiro:

1º trimestre: A Stranger in the Past de Julie Hart.

2º trimestre: The Canterville Ghost de Oscar Wilde.

- Lingua Castelá:

- Un libro por avaliación, marcado pola docente, que será adaptado no caso de alumnado con necesidades educativas especiais:
 - 1º trimestre: El príncipe de la niebla de Carlos Ruiz Zafón.
 - 2º trimestre: Las lágrimas de Shiva de César Mallorquí.
 - 3º trimestre: Mentira de Care Santos.
- Un libro ou dous escollidos polo alumno ou alumna, dunha longa lista de títulos. Cada libro que lean a maiores voluntariamente, e do que fagan unha breve exposición, subirá a nota da avaliación.

- Lingua Galega:

- Un libro de obrigada lectura por avaliación, xeralmente a escoller de entre dous ou tres:
 - María Reimóndez, Usha
 - Leticia Costas, Recinto Gris
 - Marina Mayoral, Tristes armas
 - María Victoria Moreno, Anagnórise
 - Marilar Aleixandre, Ovella descarreirada
 - Agustín Fernández Paz, Cartas de inverno ou O centro do labirinto
 - Xabier P. Docampo, Cando petan na porta pola noite
 - Manuel Núñez Singala, Atranco no banco
- O alumnado con problemas de aprendizaxe lerá textos máis curtos ou unha obra enteira a o longo do curso.

- Música:

Os supermúsicos de Carles Navarro y Montse Tobella.

3º da ESO:

- Física:

Avances científicos del siglo XXI 3º ESO

- Inglés:

- Un libro de lectura obrigada por trimestre, escollido pola profesora no primeiro e segundo trimestres, e polo alumnado no terceiro:
 - 1º trimestre: A Spy in Siberia de Samuel Sheehy.
 - 2º trimestre: Save the Titanic! De Louanne Piccolo.

- Lingua Castelá:

- Un libro por avaliación, marcado pola docente, que será adaptado no caso de alumnado con necesidades educativas especiais:
 - 1º trimestre: Finis Mundi de Laura Gallego.
 - 2º trimestre: Marina de Carlos Ruiz Zafón.
 - 3º trimestre: La edad de la ira de Nando López.
- Un libro ou dous escollidos polo alumno ou alumna, dunha longa lista de títulos. Cada libro que lean a maiores voluntariamente, e do que fagan unha breve exposición, subirá a nota da avaliación.

- Lingua Galega:

- Un libro de obrigada lectura por avaliación, xeralmente a escoller de entre dous ou tres:
Manuel Núñez Singala, Instrucións para tomar café
David Vázquez Álvarez, Orballo da mañá
Andrea Maceiras, Violeta tamurana
Agustín Fernández Paz, Noite de voraces sombras
VV AA, Ninguén está só
An Alfaia, Illa soidade
Carlos Negro, Penúltimas tendencias
Andrea Maceiras, Que me pare o corazón se te esquezo
Leticia Costas, Corazón de Xúpiter
- O alumnado con problemas de aprendizaxe lerá textos máis curtos ou unha obra enteira a o longo do curso.

4º da ESO:

- Física:

Avances científicos del siglo XXI 4º ESO

- Inglés:

- Un libro de lectura obrigada por trimestre, escollido pola profesora no primeiro e segundo trimestres, e polo alumnado no terceiro:
1º trimestre: Witches, Secrets and Lies de Micky Jenkins.
2º trimestre. A Classic Collection de Julie Hart.

- Lingua Castelá:

- Un libro por avaliación, marcado pola docente, que será adaptado no caso de alumnado con necesidades educativas especiais:
1º trimestre: Cuentos (selección de cuentos de violencia contra las mujeres) de Emilia Pardo Bazán
2º trimestre: Selección de poesía de mujeres poetas en lengua española.
3º trimestre: El curioso incidente del perro a medianoche de Mark Maddon.
- Un libro ou dous escollidos polo alumno ou alumna, dunha longa lista de títulos. Cada libro que lean a maiores voluntariamente, e do que fagan unha breve exposición, subirá a nota da avaliación.

- Lingua Galega:

- Un libro de obrigada lectura por avaliación, xeralmente a escoller de entre dous ou tres:
Castelao, Cousas
Domingo Villar, Ollos de auga
Ánxela Gracian, Donas de nós
Rosa Aneiros, Ámote Leo A. Destino xalundes
Agustín Fernández Paz, Corredores de sombras
Carlos Negro, Masculino singular
Rosa Aneiros, Ás de bolboreta
Manuel Rivas, Que me queres, Amor?
Neira Vilas, Xente no rodicio

Carlos Casares, Vento ferido
Carlos Negro, Makinaria
Antía Yáñez, Senlleiras
Marta Dacosta, Na casa da avoa

- O alumnado con problemas de aprendizaxe lerá textos máis curtos ou unha obra enteira a o longo do curso.

- Música:

Un siglo de música grabada de Timothy Day

El síndrome de Mozart de Gonzalo Mouré

3.2. Actividades puntuais:

Participación en concursos literarios:

Dende o departamento de Lingua Castelá e Literatura participárase en diversos concursos literarios que xurdan ao longo do curso, como xa se fixo outros anos, con moi bos resultados, como o de Coca-cola en 2º da ESO, o da ONCE en 3º, Mainel, Radio na biblio... etc.

Tamén realizaremos algúns concursos no propio centro co gallo de determinadas celebracións, como o concurso de microrrelatos de terror polo Samaín.

Actividades en datas sinaladas:

Os departamentos de Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega organizarán a realización de videopoemas ou a lectura dos mesmos na biblioteca ou ao aire libre, en datas como o Día Contra a Violencia de Xénero, o Día da Paz, San Valentín, o Día de Rosalía, o do Libro ou o das Letras Galegas.

Club de lectura:

A través do club de lectura fomentaremos o gusto pola lectura en galego e castelán. As actividades irán destinadas a atraer á maior cantidade de alumnos e alumnas posible, tratando de que o alumnado que xa goza da lectura de forma voluntaria e cotiá, transmita aos compañeiros e compañeiras á súa paixón. O alumnado poderá solicitar a adquisición de libros, revistas, bandas deseñadas, e todo tipo de lectura por parte da biblioteca. Poderá realizar comentarios dos libros que lea e colgalos na web do centro, no apartado do club de lectura.

As actividades do club de lectura, tales como intercambio de libros, apadriñamentos lectores, sesións de animación a lectura, etc. son peza fundamental para o fomento do gusto pola lectura.

Estableceremos unha colaboración entre o club de lectura e a aula creativa, coa fin de atraer ao maior número de alumnos e alumnas posible. Por exemplo, na semana do libro, realizaranse bookfaces, que se exporán por todo o recinto para atraer a atención de toda a comunidade. Os traballos irán acompañados de comentarios explicativos da lectura á que fai referencia a foto, e as características que fan atractiva esa lectura. Procuraremos facer todas as colaboracións que sexan posibles, para atraer ao alumnado de forma libre e voluntaria, ao mundo da paixón pola lectura.

En xeral, tanto a biblioteca como os distintos departamentos, procuran fomentar a colaboración interdisciplinar, de tal maneira que cando se le un libro en lingua castelá ou galega que toca temas musicais, o departamento de música colabora traballando eses aspectos, e o mesmo para temas históricos ou artísticos, co departamento de historia.

Continuaremos co noso club de lectura: por unha banda o Club de lectura está valorando iniciar

unha colaboración con outros centros escolares e coa residencia de Castroverde, e por outra banda, imos crear unha sección para adultos (docentes e non docentes, profesionais do centro xubilad@s, antig@s alumn@s...). Os muros do CPIP van escoitar conversas literarias a todas horas!

Visitas de escritoras:

Visitarán o centro Alexandra Cabana Outeiro, Ánxela Gracián e María Sánchez. Ánxela Gracián é autora de literatura infantil e xuvenil, Alexandra Cabana Outeiro é historiadora e filla do escritor Darío Xohán Cabana e María Sánchez é autora de Almáciga. Un vivero de palabras de nuestro medio rural.

Deleitarannos con extractos das súas obras, faláranos do mundo literario feminino galego, así como das temáticas das súas obras e dos seus proxectos literarios.

As portas da nosa biblioteca van quedar abertas ao longo do curso para posibles outras visitas de interese a nivel artístico, creativo, literario, científico, medioambiental, tecnolóxico.

Revista escolar “Sementeira”:

Unha parte das producións escritas que se realizan dende as diferentes materias e actividades, selecciónanse para a publicación anual da revista “Sementeira”, que se vende a final de curso, para recadar cartos para a excursión de fin de curso do ano seguinte. Ver recollidas ás súas producións nunha publicación impresa, motiva moito ao alumnado. Do mesmo modo, moitas das producións son subidas aos espazos web e redes sociais do centro.

4. Uso da biblioteca do centro no plan anual de lectura.

A biblioteca do noso centro, tal e como comentamos anteriormente, conta cun espazo renovado no que o alumnado pode realizar un sen fin de actividades, actualmente ten moita demanda, sobre todo por parte de grupos de infantil e de primaria que valoran dun xeito especial as actividades organizadas pola biblioteca.

Dende hai dous cursos o centro dispón de dous espazos para a lectura nos tempos de lecer, un no primeiro andar do edificio de secundaria, xunto á Aula de Polos creativos, e outro no vestíbulo, xunto á biblioteca. Neses espazos hai cadeiras de brazos ou outros asentos cómodos e andeis con material de lectura accesible tal como bandas deseñadas e revistas, para que o alumnado os colla e goce libremente nos tempos de lecer.

Dende a biblioteca procuraremos que as actividades que se promovan se relacionen cos ODS. Os aspectos culturais xogan un papel esencial no éxito da Axenda 2030 dado que os dereitos culturais, o patrimonio, a diversidade e a creatividade son componentes centrais do desenvolvemento humano e sostible. Por este motivo e debido á diferente procedencia do noso alumnado, consideramos que debemos centrar as nosas actividades na diversidade de culturas e países e fomentar a idea da diversidade como riqueza e que as diferenzas sexan vistas como unha oportunidade marabillosa para viaxar polo mundo. Despois do Nadal o noso centro adicará unha semana á difusión de información sobre os distintos países e culturas do noso alumnado.

A través destas actividades tentaremos sementar o desexo de ler por pracer como actividade de espaxamento ou ben polo interese en afondar coñecementos de forma libre.

Como cada curso realizarase a formación de usuarios/as e recibiremos ao novo voluntariado. O programa de voluntariado resulta ter un efecto colateral de fomento da lectura co que non contabamos: constatamos que o alumnado que participa no voluntariado, aumenta considerablemente ás súas lecturas voluntarias. Resulta que ao manipular os libros da biblioteca,

descobren títulos atractivos que deciden levar para casa. Ocorre tamén que o alumnado que participa no voluntariado, por ser lectores e lectoras de corazón, atrae á biblioteca a outro alumnado en principio non lector, pero que se apunta ao carro por seguir ás amizades e acaba descubriendo títulos que o atrapan. É por isto que este curso poñeremos máis empeño aínda en expoñer títulos atractivos e últimas adquisicións ben á vista en expositores que iremos renovando con frecuencia, nos que incluiremos títulos que poidan resultar atractivos para ese alumnado desinteresado en principio pola lectura, especialmente varóns, tales como os relacionados coa agricultura, os tractores, a mecánica, e outros temas que vemos que resultan do seu interese. Ao mesmo tempo, procuraremos fomentar a atracción das rapazas polas temáticas STEM, e os libros que inclúan referentes femininos como científicas ou outras mulleres importantes da historia.

Continuaremos co traballo do voluntariado lector en educación infantil e primaria, que poderá facerse mediante a plataforma Webex. Moitas desas lecturas estarán na rede social da biblioteca, Instagram. O alumnado de infantil e de primaria continuará coa mochila viaxeira.

O concurso de relatos de Samaín, realizado anualmente, será algo que continuará un ano máis, e incluiremos a realización de booktrailers para fomentar certos libros entre o alumnado, xa que está demostrando ser un recurso especialmente atractivo.

Hai dous cursos escolares, a dirección do centro introduciu un elemento novo: a maiores da coordinadora oficial da biblioteca, nomeouse unha persoa responsable da aula de polos creativos. O obxectivo é conseguir unha maior integración, se cabe, das actividades de infantil, primaria e secundaria, e contribuír á dinamización da biblioteca como centro cultural dende todas as áreas artísticas posibles. A aula de polos creativos está situada nunha aula fóra do espazo físico da biblioteca por falta de espazo, mais quedou demostrado o curso pasado que é un espazo moi popular que funciona de marabilla.

Da mesma maneira que estamos traballando o Día da Biblioteca de forma coordinada, celebraremos as conmemoracións de obrigado cumprimento previstas polo calendario escolar e outras que nos parezan de interese entre os seguintes: Día das escritoras, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día Internacional da Muller na Ciencia, Día Internacional das Persoas con Discapacidade, Día Internacional da Educación, Día escolar da non violencia e da paz, Día de Rosalía de Castro, Día Internacional da Muller, semana do libro, Día Internacional contra o Acoso Escolar, Día de Europa, Día das Letras Galegas, Día Mundial do Medio Ambiente, Día do Orgullo LGTBI, Día Internacional de Concienciación do Autismo, Día da poesía ou Día da Lingua materna.

Este ano como novidade solicitamos o Proxecto de Lectura e familias co obxectivo de ofertar ás familias a posibilidade de participar en actividades culturais relacionadas coa lectura, actividades que non son habituais nun Concello tan rural sen biblioteca pública nin casa da cultura. Ademais tamén queremos contribuír a mellorar a formación das familias en relación coa lectura para que esta mellora xunto co interese e motivación se contaxie tamén aos seus fillos e fillas. Asimismo é unha oportunidade moi boa para dar a oportunidade ás mulleres de Castroverde de achegarse á cultura clásica galega e universal, xa que moitas delas dedicaron e dedican case todo o seu tempo ao coidado dos demais e a traballar.

5. Recursos materiais:

A biblioteca vén renovando os seus fondos de forma intensa nos últimos anos, grazas aos orzamentos directos e indirectos. Por unha banda entre os orzamentos directos están os do propio centro, que ademais do esixido para todos os centros para o fomento da lectura, aposta pola biblioteca e axuda en todas as achegas posibles que sexan necesarias a maiores; e tamén entre os orzamentos directos, están os de Bibliotecas escolares, tras a inmersión do centro no plan Lía.2, o proxecto piloto de Elbe-2 e a achega para fomentar a inclusión nas bibliotecas.

Este curso seguiremos coa adquisición de novos exemplares tanto de libros físicos, como nouro tipo de soportes, banda deseñada, revistas, etc. Continuaremos coa liña de vixiar que as adquisicións contén coa necesaria perspectiva de xénero, e a prevención de todo tipo de discriminacións. Este curso queremos reforzar a dotación de material inclusivo que atraia ao alumnado con necesidades educativas especiais, e vixiar especialmente o equilibrio entre o material relativo aos diferentes departamentos, de forma que a biblioteca constitúa un lugar non só de entretemento, senón tamén de información.

Pretendemos que a biblioteca sexa o centro cultural da comunidade no seu conxunto.

6. Recursos humanos:

A biblioteca conta con Ana Banesa Fernández Granda como coordinadora para todo o centro, pero tamén conta co traballo de Manuel Álvarez Sánchez como referente de primaria e responsable das redes sociais. Tamén contará con Cándido Díaz Muela como técnico oficial da nosa radio PodCastroverde, con Remedios García Cortón como responsable dos clubs de lectura e asesora lingüística, con María Jesús Pérez Fernández como responsable do apadriñamento lector, con Isabel Pérez García como responsable da web e do teatro, con Ana María Pérez Veiga como responsable de Lectura e familias e con Fernanda Suárez Méndez como responsable da aula de polos creativos. Todas estas persoas colaborarán de maneira voluntaria e traballarán estreitamente cun equipo de mestras/es de infantil, primaria e secundaria para o deseño, organización e seguimento das actividades, a catalogación, o préstamo, e demais ocupacións habituais das bibliotecas escolares. Este equipo realizará reunións a través de Webex, coa asistencia da directora do centro, para coordinar todos os aspectos necesarios.

Pero en realidade, todo o profesorado de infantil, primaria e secundaria, é imprescindible para a realización das diferentes actividades sinaladas, polo que pode considerarse tamén, parte dos recursos humanos da biblioteca, xunto co alumnado tanto do voluntariado da biblioteca propiamente, como os voluntarios e voluntarias que participan nas creacións da aula de polos creativos, ou nas actividades de biblioteca que se realizan a través das diferentes materias puntualmente.

No Consello, do que forma parte un membro do equipo da biblioteca, contamos coa comisión de biblioteca escolar, encargada de recibir a información sobre as actividades a realizar e de xestionar o orzamento destinado a ela.

7. Itinerarios lectores:

Os libros e materiais da biblioteca están sinalados por cores en función da idade para a que o persoal da biblioteca considera que son axeitados, pero non se trata de limitar o material ao que poda acceder o alumnado, xa que a idade é só unha referencia, e non impediremos que o alumnado acceda a libros que non se corresponden coa súa idade cronolóxica, pois moitas veces, alumnado novo está interesado en lecturas de cursos superiores ou viceversa.

O profesorado, como vimos nun apartado anterior, establece lecturas obrigatorias seleccionadas para a idade cronolóxica do alumnado ao seu cargo, pero tamén permite e anima a escoller outro tipo de lecturas, como xa explicamos anteriormente. Ao mesmo tempo, téñense en conta as necesidades particulares de determinado alumnado con necesidades educativas especiais, para quen se escollen lecturas axeitadas.

8. Seguimento e avaliación

O equipo da biblioteca será o encargado de levar un seguimento máis estreito da realización deste plan anual de lectura, así como que o mesmo se axuste ao Proxecto Lector. Como mínimo nunha das reunións do equipo ao trimestre, avaliaremos todo o proceso e levaremos as conclusións, dúbidas ou suxestións á seguinte reunión da CCP, onde se tratarán os aspectos máis salientables

e se tomarán as decisións sobre os posibles cambios ou retoques necesarios. Cando sexa necesario, comentaremos co equipo directivo a inclusión na orde do día do seguinte claustro, os temas relativos á biblioteca que sexa pertinente tratar.

20. TAREFAS EXTRAESCOLARES

criterios xerais para o uso das tarefas extraescolares

O alumnado de E.I. non terá que realizar tarefas extraescolares agás algunha de tipo puntual ou por acordo con pais ou titores.

O alumnado de Primaria e Secundaria realizará tarefas extraescolares cando, a criterio do profesorado, se consideren apropiadas para colaborar á consecución dos obxectivos fixados en cada materia, tendo en conta a proporcionalidade das mesmas, o mellor aproveitamento educativo do tempo libre do alumno e o desenvolvemento da súa creatividade e sociabilidade, respectando as súas necesidades lúdicas, de convivencia familiar e de descanso.

21. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

1. 1.INTRODUCCIÓN

Seguimos, para a elaboración desta addenda, o prescrito polo Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no que se indican os puntos que se deben tratar.

1. 2.ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE PARA QUE O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL ADQUIRA O COÑECEMENTO DAS LINGUAS OFICIAIS.

Este curso contamos con 6 alumnos/as novos en 4º de EI, dos cales 4 teñen o galego como lingua materna. Ante esta situación propónse o uso maioritario do galego como lingua de relación na aula e na que se iniciará a aprendizaxe da lectoescritura, sen esquecer as liñas xerais marcadas no Proxecto Lingüístico do Centro.

Por outra banda a lingua predominante nos restantes niveis, empregada en cursos anteriores, é o galego nunha porcentaxe case do 100%.

Ante estes resultados, e considerando ademais que o galego é a lingua predominante na contorna, establécese que o galego será empregado como lingua vehicular nas aulas de EI do noso centro, porén irase introducindo paulatinamente o castelán, incorporando actividades nesta lingua que engloben as diferentes destrezas lingüísticas que se traballan nesta etapa.

1. 3.INFORMACIÓN E VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA REALIZADAS NO CURSO ANTERIOR

Durante os cursos pasados, o EDLG colaborou con outros equipos do centro, con extraescolares, biblioteca, na realización de varias actividades: concursos, conmemoracións, exposicións...

Aínda que a valoración xeral é positiva, consideramos que o EDLG debe ser capaz tamén de levar a cabo proxectos propios centrados na lingua e na cultura galegas, sen por iso deixar de colaborar coas propostas dos demais equipos, ao que xa se alude no propio Proxecto Lingüístico.

1. 4.INFORMACIÓN DO QUE SE VAI DESENVOLVER NO CURSO 2023/24

Entre as actividades que se pretender levar a cabo no actual curso destacamos:

- --“*Tertulias dialóxicas*” (literarias e científicas) de centro e de aula.
- --Prensa na aula. Utilización de noticias da prensa diaria relacionadas coa lingua, literatura e cultura galegas.

- --Fomento da lectura de libros e revistas en galego. Cada grupo conta cunha hora semanal fixa na biblioteca, na que se fomentará a lectura de materiais no noso idioma.
- --Celebración do Samaín, a través de propostas coma a lectura no recreo de textos literarios relacionados co Samaín e certame literario para todo o alumnado da ESO, ademais doutras pensadas para infantil e primaria que partan do Equipo da Biblioteca ou das propias titorías.
- --Celebración do día de Rosalía poñendo música a algún dos seus poemas e lendo fragmentos da súa obra.
- --Celebración do día da Lingua Materna: para este curso 23/24 pensamos en nomear as leiras do noso horto escolar, ademais doutras propostas que poidan xurdir.
- --Celebración do Entroido: o alumnado de ESO participará nun concurso de receitas típicas destas datas e, ademais, elaboraranse no centro carteis alusivos e farase un concurso e desfile de disfraces.
- --Actividades específicas para a semana das Letras Galegas: realización e exposición de murais alusivos a esta conmemoración e á autora homenaxeada, levarase a cabo un recital poético por parte do alumnado do centro e organizarase un faladoiro sobre a autora á que se lle adica este día.
- --TICS en galego. Proxecto E-DIXGAL en 5º,6º de EP, e 1º ,2º,3º, 4º ESO.
- --Traballo na web do centro, e na aula virtual.
- --Revista escolar Sementeira. Todo o centro participa na elaboración da revista co envío de traballos que despois se publican conxuntamente nun único número.
- --Presenza dalgún escritor ou escritora da zona.
- --Na etapa de Educación Infantil, traballaranse contidos relacionados cos instrumentos, a música e o baile tradicionalgalego.
- --Como actividade de final de curso, facer un tramo do Camiño Primitivo, para alumnado de 5º, 6º de Educación Primaria e 1º , 2º ciclo da ESO, participando ademais os Departamentos de Galego, Educación Física, Relixión e, dando así continuidade ás etapas realizadas en cursos anteriores.

OUTRAS POSIBLES ACTIVIDADES A REALIZAR:

- --Conferencia por parte dalgún escritor, xornalista e tradutor ou persoa que traballe no proceso de normalización da lingua galega.
- --Elaboración de lemas en lingua galega e exposición de traballos realizados polo alumnado, coincidindo con datas sinaladas como o Samaín, Día da Paz, Día de Rosalía de Castro, Día da Muller Traballadora ... e exposición dos traballos realizados.
- --Incluíranse tamén as actividades que ao longo do curso propoña a Consellería de Educación, así como a participación en concursos convocados por outros organismos (Concellos, centros escolares....)
- --Representación dunha pequena peza teatral preparada polo alumnado.
- --Visitar a cidade, vila ou casa natal dalgún escritor/a estudado durante o curso, visitando os lugares relacionados coa súa vida e obra, especialmente os máis próximos a nós.
- --Visitas que teñan como obxectivo que o alumnado coñeza unha realidade distinta da súa, incluíndo neste apartado unha forma de falar galego distinta.
- --Intercambio con outros CEIP, CPI ou IES para comentar libros de lectura. En colaboración tamén co Club de Lectura do centro.
- --No 2º ou 3º trimestre o alumnado do 1º e 2º ciclo da ESO asistirá á representación dunha obra de teatro en Santiago de Compostela.

Ademais disto, o EDLG participará naquelas outras actividades que poidan xurdir ao longo do curso, e que considere de interese.

22. LIBROS DE TEXTO E MATERIAL CURRICULAR

Achégase a continuación os libros de texto e material curricular para o curso 2023/24:

CPI Plurilingüe de Castroverde

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024

Código do centro: 27002249

4º Educación Infantil (3 anos)

Caderno Grafomotricidade 1 (en espiral) Ed. Edelvives ISBN 978-84-88681-97-3

Caderno Grafomotricidade 2 (en espiral) Ed. Edelvives ISBN 978-84-88681-98-0

Caderno Grafomotricidade 3 (en espiral) Ed. Edelvives ISBN 978-84-88681-99-7

“Flocos de Millo” Ed. Xerais 3 anos 978-84-9121-341-3 (1º trimestre)

Castroverde, 30 de xuño de 2023

A directora,


Ana María Pérez Veiga



CPI Plurilingüe de Castroverde

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024

Código do centro: 27002249

5º Educación Infantil (4 anos)

Novo xardín das letras. Vogais. Maiúsculas. Editorial Xerais. ISBN: 9788491212058.

Novo xardín das letras. Primeiras Consonantes. Editorial Xerais. ISBN: 9788491212027.

Mate + 4 anos Editorial Santillana. ISBN:9788468059051.

Castroverde, 30 de xuño de 2023

A directora,



Ana María Pérez Veiga



CPI Plurilingüe de Castroverde

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024

Código do centro: 27002249

6º Educación Infantil (5 anos)

Grafismos 5 años. Lengua Ed. Teide. ISBN 978-84-3071-281-6.

Novo xardín das letras. Consoantes 1. Pauta. María Dolores Campuzano Valiente. Ed. XERAIS. I.S.B.N.: 978-84-9121-196-9.

Novo xardín das letras. Ler 1. María Dolores Campuzano Valiente. Ed. XERAIS. I.S.B.N.: 978-84-9121-206-5.

A prehistoria. Canto sabemos! Nivel 3. Ed: Santillana. Obradoiro. ISBN: 978-84-9972-212-2.

Retos 3º trimestre 5 ANOS. Galego 2017. Ed. XERAIS. ISBN: 978-84-6983-078-9.

Castroverde, 30 de xuño de 2023

A directora,



Ana María Pérez Veiga

CPI Plurilingüe de Castroverde

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024

Código do centro: 27002249

1º PRIMARIA**A) LIBROS DE TEXTO:** (Prégase que o identifiquen co nome da nena ou neno)

- **LENGUA:** Libro Un paso más. Pauta Mochila ligera. Construyendo Mundos. Santillana. ISBN: 978-84-144-0758-5.
- **LINGUA:** Libro de lectoescritura Construindo Mundos. Ed.: Santillana. ISBN: 978-84-9185-399-2.
Construindo Mundos pauta. Ed.: Santillana. ISBN: 978-84-9185-532-3.
- **MATEMÁTICAS:** Construyendo Mundos, mochila ligera. Ed.: Santillana. ISBN 978-84-680-7131-2.
- **CIENCIAS DA NATUREZA:** Construindo Mundos. Ed.: Santillana. ISBN 978-84-9185-411-1.
- **CIENCIAS SOCIAIS:** Construindo Mundos. Ed.: Santillana. ISBN:978-84-9185-414-2.
- **INGLÉS:** All About Us Now 1. Class Book + ALK with Digital Class Book. ISBN: 9780194074223.
- **MÚSICA 1º.** Novo Tiroliro, Construindo Mundos. Editorial Santillana. ISBN 978-84-9185-401-2.
- **PROXECTO COMPETENCIAL:** Non se empregará libro.
- **RELIGIÓN CATÓLICA:** Non se empregará libro.

B) MATERIAL ESCOLAR: (Prégase que o identifiquen co nome da nena ou neno)

- **INGLÉS:** All About Us Now 1. Activity Book with Digital Activity Book. ISBN: 9780194074292.

Castroverde, 30 de xuño de 2023

A directora,



Ana María Pérez Veiga



CPI Plurilingüe de Castroverde

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024

Código do centro: 27002249

2º PRIMARIA**A) LIBROS DE TEXTO:** (Prégase que o identifiquen co nome da nena ou neno)

- **2PRI LENGUA :** Lengua+ Tareas y destrezas comunicativas. Serie práctica. ISBN: 978-84-144-4831-1. Santillana
- **2PRI LINGUA** Lingua+ Tarefas e destrezas comunicativas ISBN: 978-84-9972-776-9. Santillana
- **2PRI MATEMATICAS** Mate+ Matemáticas para pensar. Serie práctica. ISBN 978-84-144-0885-8. Santillana.
- **2PRI CC. DA NATUREZA** Construindo mundos. ISBN 978-84-9185-694-8. Santillana.
- **2PRI CC. SOCIAIS** Construindo mundos. ISBN:978-84-9185-696-2. Santillana.
- **PROXECTO COMPETENCIAL:** Non se empregará libro.
- **RELIGIÓN CATÓLICA:** Non se empregará libro.
- **MÚSICA 2º.** Novo Tiroliro. Construindo Mundos. Editorial Santillana. ISBN 978-84-9185-700-6.
- **INGLÉS:** All About Us Now 2 Class Book + ALK with Digital Class Book. ISBN: 9780194074438.

B) MATERIAL ESCOLAR: (Prégase que o identifiquen co nome da nena ou neno)

- **INGLÉS:** All About Us Now 2. Activity Book with Digital Activity Book. ISBN: 9780194074506.

Castroverde, 30 de xuño de 2023

A directora,


Ana María Pérez Veiga

CPI Plurilingüe de Castroverde

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024

Código do centro: 27002249

3º PRIMARIA (Fondo libros)**A) LIBROS DE TEXTO:**

- **3PRI MATEMATICAS:** Construyendo mundos Mochila Ligera. Ed.: Santillana. ISBN: 978-84-680-7136-7. Ano: 2022
- **3PRI CC. SOCIAIS:** Construindo mundos. ISBN: 978-84-9185-416-6. Ano: 2022
- **3PRI CC. DA NATUREZA:** Construindo mundos. ISBN: 978-84-9185-410-4. Ano: 2022
- **3PRI LENGUA:** Construyendo mundos Mochila Ligera. Ed.: Santillana. ISBN: 978-84-680-7201-2. Ano: 2022
- **3PRI LINGUA:** Construindo mundos ISBN: 978-84-9185-409-8. Ano: 2022.
- **INGLÉS:** All About Us Now 3. Class Book with Digital Class Book. ISBN: 9780194074650.

B) MATERIAL ESCOLAR:**• LENGUA:**

3-1PRI Cuaderno Construyendo mundos. Ed.: Santillana. ISBN: 978-84-680-7745-1. Ano: 2022

3-2PRI Cuaderno Construyendo mundos. Ed.: Santillana. ISBN: 978-84-680-7743-7. Ano: 2022

3-3PRI Cuaderno Construyendo mundos. Ed.: Santillana. ISBN: 978-84-680-7746-8. Ano: 2022

• MATEMÁTICAS:

3-1PRI CUADERNO Construyendo mundos. Ed.: Santillana. ISBN: 978-84-680-7135-0.

3-2PRI CUADERNO Construyendo mundos. Ed.: Santillana. ISBN: 978-84-680-7137-4.

3-3PRI CUADERNO Construyendo mundos. Ed.: Santillana. ISBN: 978-84-680-7139-8.

- **INGLÉS:** Caderno All About Us Now 3. Activity Book + ALK + Go Pangea with Digital Activity Book. ISBN: 9780194073844.

• MÚSICA:

- Caderno 3º primaria. Novo Tiroliro. Construindo mundos. Editorial Santillana. ISBN 978-84-9185-525-5.

Castroverde, 30 de xuño de 2023

A directora



Ana María Pérez Veiga



Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024

Código do centro: 27002249

4º PRIMARIA (Fondo libros)**A) LIBROS DE TEXTO:**

- **4PRI MATEMÁTICAS.** Construyendo mundos. Editorial Santillana. Año 2023. ISBN: 978-84-144-0769-1.
- **4PRI LINGUA.** Construindo mundos. Editorial: Santillana. Ano 2023. ISBN: 978-84-9185-705-1.
- **4PRI LENGUA.** Construyendo mundos. Editorial Santillana. Año 2023. ISBN: 978-84-144-0738-7.
- **4PRI CIENCIAS DA NATUREZA.** Construindo mundos. Editorial: Santillana. Ano 2023. ISBN: 978-84-9185-692-4.
- **4PRI CIENCIAS SOCIAIS** Construindo mundos. Editorial: Santillana. Ano 2023. ISBN: 978-84-9185-698-6.
- **4PRI RELIGIÓN CATÓLICA.** Construyendo mundos. Editorial Santillana.. ISBN: 978-84-144-4845-8.
- **INGLÉS:** All About Us Now 4. Class Book with Digital Class Book. ISBN: 9780194074803.

B) MATERIAL ESCOLAR:

- **MATEMÁTICAS:**
 - 4-1PRI CUADERNO Construyendo mundos. Ed.: Santillana. ISBN: 978-84-144-0768-4. Año 2023.
 - 4-2PRI CUADERNO Construyendo mundos. Ed.: Santillana. ISBN: 978-84-144-0764-6. Año 2023.
 - 4-3PRI CUADERNO Construyendo mundos. Ed.: Santillana. ISBN: 978-84-144-0771-4. Año 2023.
- **LENGUA:**
 - 4-1PRI CUADERNO Construyendo mundos. Ed.: Santillana. ISBN: 978-84-144-0285-6. Año 2023.
 - 4-2PRI CUADERNO Construyendo mundos. Ed.: Santillana. ISBN: 978-84-144-0286-3. Año 2023.
 - 4-3PRI CUADERNO Construyendo mundos. Ed.: Santillana. ISBN: 978-84-144-0287-0. Año 2023.
- **INGLÉS:** Caderno All About Us Now 4. Activity Book + ALK + Go Pangea with Digital Activity Book. ISBN: 9780194073905.



CPI Plurilingüe de Castroverde

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024

Código do centro: 27002249

• **MÚSICA:**

- Caderno 4º primaria. Novo Tiroliro. Construindo mundos. Editorial Santillana. ISBN 978-84-9185-678-8.

Castroverde, 30 de xuño de 2023

A directora,

Ana María Pérez Veiga



CPI Plurilingüe de Castroverde

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024

Código do centro: 27002249

5º PRIMARIA

Libro dixital E-DIXGAL


MATERIAL ESCOLAR

• **Para Música:**

- Caderno 5º primaria Novo Tiroliro, Construindo mundos. Editorial Santillana. ISBN 978-84-9185-521-7.

Castroverde, 30 de xuño de 2023

A directora,



Ana María Pérez Veiga



CPI Plurilingüe de Castroverde

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024

Código do centro: 27002249

6º PRIMARIA

Libro dixital E-DIXGAL

MATERIAL ESCOLAR:

• **MÚSICA**

- Caderno 6º primaria Novo Tiroliro, Construindo mundos. Editorial Santillana. ISBN 978-84-9185-682-5.

Castroverde, 30 de xuño de 2023

A directora,



Ana María Pérez Veiga





CPI Plurilingüe de Castroverde

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024

Código do centro: 27002249

1º ESO

Libro dixital E-DIXGAL

MATERIAL ESCOLAR:

▪ **Lingua Inglesa:**

- WORKBOOK NEW ACTION 1. ISBN: 978-9963-51-686-5.
- NEW ACTION 1 BASIC PRACTICE ISBN: 978-9963-48-959-6

Castroverde, 30 de xuño de 2023

A directora,

Ana María Pérez Veiga





CPI Plurilingüe de Castroverde

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024

Código do centro: 27002249

2º ESO

Libro dixital E-DIXGAL.

MATERIAL ESCOLAR:

▪ **Lingua Inglesa:**

- WORKBOOK NEW ACTION 2. ISBN: 978-9963-51-692-6.
- NEW ACTION 2 BASIC PRACTICE ISBN: 978-9963-48-967-1.

Castroverde, 30 de xuño de 2023

A directora,

Ana María Pérez Veiga





CPI Plurilingüe de Castroverde

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024

Código do centro: 27002249

3º ESO

Libro dixital E-DIXGAL.

MATERIAL ESCOLAR:

▪ **Lingua Inglesa:**

- Options ESO 3 Workbook. ISBN: 978-9925-30-907-8
- Options ESO 3 Basic Practice. ISBN: 978-9925-60-878-2

Castroverde, 30 de xuño de 2023

A directora,

Ana María Pérez Veiga





CPI Plurilingüe de Castroverde

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024

Código do centro: 27002249

4º ESO

Libro dixital E-DIXGAL.

MATERIAL ESCOLAR:

▪ **Lingua Inglesa:**

- Options ESO 4 Workbook. ISBN: 978-9925-30-913-9
- Options ESO 4 Basic Practice. ISBN: 978-9925-60-880-5

Castroverde, 30 de xuño de 2023

A directora,

Ana María Pérez Veiga

